

## CONCELLO DE FRIOL

**QUINTA ACTA RELATIVA A SEGUNDA PROBA E RESULTADOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.**

**Lugar:** Instalacións do Mercado Municipal do Concello de Friol

**Data:** 31.03.2022

**Hora de inicio:** 9:00 horas

**Hora de finalización:** 13:45 horas

**Asistentes:**

Presidente: Jesús Manuel Conde Fernández

Secretario: José Manuel Loureiro Corrales

Vocal: José Manuel Rocha Sánchez

Personal colaborador na ordeación documental e vixilancia: María Paz Rodríguez Rivera.

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Concreción das normas establecidas nas bases da convocatoria.
3. Determinación do contido do Segundo ejercicio, proba práctica.
4. Chamamento, acreditación e realización da proba.
5. Publicación da proba práctica a realizar e plantilla de corrección.
6. Corrección da proba, resultados e publicación.
7. Declaración provisional de aspirantes que superaron o primeiro ejercicio.
8. Prazo de reclamacións.

Reunidos os integrantes do Tribunal designado para o proceso selectivo indicado, aproban os seguintes

### ACORDOS

**1. Aprobación da acta da sesión anterior.**

Pregunta o Presidente se algún dos asistentes desexa formular algúna observación respecto da Acta da sesión anterior. Non se formulan observacións, polo que se considera aprobada por unanimidade.

**2 Concreción das normas establecidas nas bases da convocatoria.**

As bases da convocatoria, base 8. Fase de oposición, regula no seu apartado 2 "Segundo



## CONCELLO DE FRIOL

### **QUINTA ACTA RELATIVA A SEGUNDA PROBA E RESULTADOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.**

*Exercicio: Proba práctica. Relativa ás funcións do posto relacionadas na base segunda. Para a realización deste exercicio os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de quince minutos (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba).*

*A puntuación desta fase de oposición virá determinada pola suma das puntuacións acadadas nos dous primeiros exercicios, ademais de ser cualificado coma apto na proba de galego, de ser o caso; puntuación máxima: 20 puntos, puntuación mínima: 10 puntos. Quen non obteña esa puntuación mínima nesta fase de oposición xa non se lle valorará a fase de concurso e quedará excluído/a do proceso de selección.*

*A puntuación total acadada neste procedemento de selección virá determinada pola suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e fase de oposición. Total puntuación: 26 puntos.*

*No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resloverase tendo en conta o/a aspirante con maior puntuación obtida en primeiro lugar no segundo exercicio da fase de oposición. No caso de persistir o empate, resloverase tendo en conta o/a aspirante con maior puntuación no primeiro exercicio (proba test). De persistir o empate este resloverase mediante sorteio que se realizará en presenza dos/das interesados/as.*

*Os/as aspirantes serán convocados/as en chamada única e por orde alfabético, para este procedemento de selección e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados/as comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no procedemento de selección e quedarán excluídos/as do proceso selectivo..."*

Da lectura anterior resulta obvia a necesidade de concretar e publicar as decisións que resulten precisas en relación cos seguintes extremos:

- Prazos para reclamacións.
- Instrucións aclaratorias proba práctica.

Consecuentemente co anteriormente exposto e en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

**Primeiro. Reclamacións e prazos:** Os aspirantes poderán reclamar respecto dos resultados das distintas probas de oposición e a valoración de méritos do concurso no prazo de dous días hábiles a contar desde o día seguinte ao da data de publicación na páxina web e na sede electrónica do Concello de Friol.

**Segundo.** Aprobar as seguintes **instrucións aclaratorias** das bases reguladoras, para a realización da proba prevista na base 8.2 da convocatoria:

- 1.- Os aspirantes deixarán teléfonos, dispositivos móviles, e DNI, na bolsa facilitada o efecto, que será custodiada polo secretario do tribunal ata a finalización da proba.
- 2.- Procederase o chamamento para a realización do examen por orden alfabético.
- 3.- Cada aspirante de forma individual recibirá o suposto práctico a realizar, que será debidamente explicado polo tribunal para a proceder a realización da proba.
- 4.- Tras a lectura e comprensión do exercicio, darase comezo o mesmo e dende ese momento ata a finalización da proba, non se solventará nin contestará duda nin pregunta de ningún tipo.
5. – Realizadas as aclaracións a proba se foran precisas, o aspirante asinará o suposto práctico facendo entrega do mesmo o tribunal.



## CONCELLO DE FRIOL

**QUINTA ACTA RELATIVA A SEGUNDA PROBA E RESULTADOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.**

6.- O suposto práctico e normas de corrección serán publicadas coa acta do resultado final da proba.

7.-As persoas que necesiten un certificado de asistencia, poderán pedirlo a calquera membro do tribunal, e será expedido polo secretario do mesmo .

Estas instrucións leranse aos aspirantes con anterioridade ao comezo da proba, podendo solicitar as aclaracións que estimen oportunas, o que deixa constancia do inequívoco coñecemento por parte de todos os aspirantes presentes

### **3.- Determinación do contido do Segundo exercicio, proba práctica.**

Realizada a selección de un dos supostos prácticos propostos polos asesores, procédese á elaboración do exame e aprobación das plantillas correctoras e a súa impresión en número suficiente para proporcionarla aos aspirantes.

### **4. Chamamento,acreditación e realización da proba.**

Ás 11:05 horas procédese ao chamamento e identificación dos aspirantes para realizar a segunda proba prevista nas bases da convocatoria.

Acreditanse as persoas aspirantes que logo se relacionan

	NOME	NOMBRE	NIF
1	BELLO CASTRO	MANUEL	***4574**
2	FERNANDEZ BARREIRO	NILO	***5655**
3	GONZALEZ GESTOSO	PABLO	***7268**
4	PRIETO RIVAS	JAVIER	***8522**
5	ULLA ROCHA	CARLOS	***0224**

### **5. Publicación da proba práctica a realizar e plantilla de corrección.**

A proba práctica facilitada a cada aspirante é a transcrita a continuación:

**SEGUNDO EXERCICIO -SUPUESTO PRACTICO- PARA A CREACION DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABOERAL TEMPORAL DE PEONS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL**

**ASPIRANTE:**

#### **INSTRUCCIONS**

1.- O presente exercicio consta de cinco partes diferenciadas e independentes entre si. (catro preguntas e unha valoración global).

2.- O tempo máximo para a realización do exercicio será de 5 minutos na súa totalidade.

4.- Cada pregunta formulada, terán unha valoración concreta.

5.- A primeira das preguntas ten carácter eliminatorio. E dicir, de non superarse a primeira pregunta, non se procederá a valoración do resto de preguntas formuladas.

6.- O aspirante, realizará todas e cada unha das probas propostas con guantes, que lle serán facilitados polo tribunal en cumprimento dos protocolos Covid-19.

**PREGUNTA 1.- Valorarase sobre un total de 1,5 puntos e ten carácter eliminatorio.**

**SUPUESTO A RESOLVER: DEBERA SELECCIONAR O EPI COMPLETO PARA UNHA INTERVENCION NUN INCENDIO URBANO.**

\*Por mor da ausencia de tallaxe para todos os aspirantes e a aplicación dos protocolos COVID-19, o aspirante simplemente



## CONCELLO DE FRIOL

### QUINTA ACTA RELATIVA A SEGUNDA PROBA E RESULTADOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

*deberá seleccionar os EPIS que considere necesarios, os que se encontrarán expostos nunha mesa, e deberá separalos e deixalos noutra mesa instalada a tal efecto.*

**PUNTUACION OUTORGADA POLO TRIBUNAL:**

**PREGUNTA 2.- Valorarase sobre un total de 2 puntos.**

**SUPUESTO A RESOLVER: DEBERÁ PROCEDER O MONTAXE DO EQUIPO DE RESPIRACION AUTONOMO QUE SE LLE FACILITA.**

**PUNTUACION OUTORGADA POLO TRIBUNAL:**

**PREGUNTA 3.- Valorarase sobre un total de 1,5 puntos.**

**SUPUESTO A RESOLVER: PROCEDERA A REALIZAR O MONTAXE DA LIÑA DE ESPUMA DE BAIXA EXPANSION QUE SE LLE FACILITA.**

**PUNTUACION OUTORGADA POLO TRIBUNAL:**

**PREGUNTA 4.- Valorarase sobre un total de 1,5 puntos.**

**SUPUESTO A RESOLVER: DEBERÁ SELECCIONAR E MONTAR A FERRAMENTA AUTONOMOA PARA CORTE DE METAL QUE SE LLE FACILITA:**

**PUNTUACION OUTORGADA POLO TRIBUNAL:**

**VALORACION GLOBAL DA PROBA REALIZADA POLO ASPIRANTE: (Puntuación total 3 puntos)**

O tribunal cualificador, unha vez realizada a proba práctica valorará a claridade dos coñecementos demostrados durante a execución da proba práctica, a orde e claridade das ideas, a boa execución, a rapidez e exposición dos coñecementos requiridos, a correcta orde e utilización dos materiais, así como o correcto uso do compañoiro proporcionado.

**OBSERVACIONS:**

**PUNTUACION OUTORGADA POLO TRIBUNAL:**

*Unha vez recibidas as instruccións e aclaracións efectuadas sobre a realización da proba, e con carácter previo o comezo a mesma, asinase a mesma polo aspirante estando conforme coa súa realización.*

Friol, 31 de marzo de 2022.

### **6.- Corrección da proba, resultados e publicación.**

O Tribunal procede seguidamente a corrección da proba coa aprobación da plantilla de respuestas correctas do exercicio práctico de cada un dos aspirantes do proceso selectivo para a creación dunha lista de contratación, como persoal laboral temporal, de peóns do grupo de emergencias supramunicipal do concello de Friol.

Efectuada a corrección resultan as seguintes puntuacións dos aspirantes:



## CONCELLO DE FRIOL

**QUINTA ACTA RELATIVA A SEGUNDA PROBA E RESULTADOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.**

**RESULTADOS 2º PROBA  
PRACTICA**

ASPIRANTE	TEMPO	P1	P2	P3	P4	GLOB	TOTAL
BELLO CASTRO MANUEL	4,50	1,5	2	0	1,5	1,5	6,5
FERNANDEZ BARREIRO NILO	4,28	1,5	0	0	0	1	2,5
GONZALEZ GESTOSO PABLO	5	1,5	2	0	0	1,5	5
PRIETO RIVAS JAVIER	5	1,5	0	0	0	1	2,5
ULLA ROCHA, CARLOS	4,30	1,5	2	1,5	0	2,5	7,5

\*P = PREGUNTA

\*\*\* NON SUPERADA PRIMEIRA PROBA  
ELIMINATORIA

**7. Declaración provisional de aspirantes que superaron o primeiro exercicio.**

Decláranse que superaron o segundo exercicio, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, as persoas aspirantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

**8. Prazo de reclamacións.**

En harmonía co acordado por este Tribunal establecérese un prazo de reclamacións de dous días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación dos resultados anteriormente transcritos na páxina web do Concello de Friol, que deberán ser presentadas no rexistro do Concello de Friol, coas formalidades e requisitos establecidos na Lei 39/2015.

Resoltas as eventuais reclamacións procederase a publicar os resultados definitivos e a proposta da lista de contratación o órgano competente do Concello de Friol.

Publicarase a presente acta na páxina web e na sede electrónica do Concello de Friol.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acto, de todo o que, como Secretario, dou fe.

Secretario Jose M. Loureiro Corrales


